

GUÍA DIDÁCTICA DE ECONOMÍA

1º DE BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

HORARIOS TUTORÍA LECTIVA	Grupo Mañá: martes 12:15 - 13:00 (aula 1.1) Grupo Tarde: luns 18:15 - 19:00 (aula UM)
HORARIO TUTORÍA ORIENTACIÓN	Luns: 16:45 - 17:30 (Dpto. de Comunicación) Mércores: 10:45 - 11:30 (Dpto. de Comunicación) Venres: 10:45-12:15 (Dpto. de Comunicación)
PROFESORA	Beatriz Chao
CORREO ELECTRÓNICO	economiapondal@gmail.com
TELÉFONO DO CENTRO	881.960.901

1.- CONTIDOS E UNIDADES DIDÁCTICAS

Como recolle o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os contidos da materia de Economía, estrutúranse en sete bloques:

BLOQUE I: Ideas económicas básicas. Economía e escaseza. A organización da actividade económica.

- **Unidades 1 e 2**

BLOQUE II: Economía e empresa. A actividade productiva.

- **Unidade 3**

BLOQUE III: Economía persoal. O mercado e o sistema de prezos.

- **Unidades 4 e 5**

BLOQUE IV: Economía e os ingresos e gastos do Estado. – A macroeconomía.

- **Unidades 6 e 7**

BLOQUE V: Economía e tipos de xuros, inflación e desemprego. Aspectos financeiros da economía.

- **Unidades 7 e 8**

BLOQUE VI: Economía internacional. O contexto internacional da economía.

- **Unidade 9**

BLOQUE VII: Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía.

- **Unidades 9 e 10**

UNIDADE 1: A actividade económica.

UNIDADE 2: Os axentes e os sistemas económicos.

UNIDADE 3: O proceso de produción.

UNIDADE 4: O mercado.

UNIDADE 5: Tipos de mercado.

UNIDADE 6: A distribución do excedente. O mercado de traballo.

UNIDADE 7: A renda e a riqueza.

UNIDADE 8: O diñeiro.

UNIDADE 9: O sector público.

UNIDADE 10: Os ciclos económicos.

2.-MATERIAIS E RECURSOS:

1.- Aula virtual do EPAPU EDUARDO PONDAL. Onde aparecerán todos os materiais de estudo entregados polo profesor, así como todo o material aconsellado nas titorías lectivas (recórdase a obriga de asistencia as titorías lectivas).

2.- Como material de apoio: libros de texto actualizados da materia de Economía (primeiro curso de Bacharelato).

3.- Recursos bibliográficos: O centro dispón de biblioteca na que ademais da consulta e préstamos de libros/revistas,... etc, a biblioteca dispón de computadores con conexión a internet, que o alumnado pode utilizar como apoio didáctico (CDs, Internet,etc...)

3.- TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

1ª avaliación	Unidades 1,2,3 e 4
2ª avaliación	Unidades 5, 6, 7 e 8
3ª avaliación	Unidades 9 e 10

4.- TITORÍAS LECTIVAS E DE ORIENTACIÓN

As titorías lectivas supoñen unha sesión semanal (unha no turno de mañán e outra no turno de tarde). Van dirixidas a abordar aspectos fundamentais da materia e a orientar ao alumnado no estudo autónomo das unidades.

As titorías de orientación están destinadas a resolver dudas no desenvolvemento das actividades e realizar aclaracións que xurdan no estudo das unidades.

5.- CONTIDOS MÍNIMOS

Primeira avaliación:

- Describir situacións onde estea presente o problema económico básico, tanto a nivel individual como social, relacionando as múltiples necesidades coa escaseza de recursos para satisfacelas.
- Diferenciar as necesidades primarias das secundarias e explicar a súa evolución na sociedade.
- Distinguir os distintos tipos de bens, sinalando exemplos apropiados para cada un deles.
- Identificar o custo de oportunidade a partir de exemplos apropiados en que se poña de manifesto a necesidade de elexir.
- Representar graficamente e interpretar o modelo económico da FPP a partir de un suposto sinxelo.
- Identificar os factores de produción en diferentes actividades produtivas.
- Relacionar os conceptos de produción potencial, de crecemento económico e de eficiencia económica.
- Clasificar diversas actividades económicas segundo o sector de actividade.
- Describir as funcións principais dos axentes económicos.
- Elaborar esquemas do fluxo circular, distinguindo entre fluxo real e monetario.
- Describir os problemas económicos básicos aos que se enfrenta calquera organización económica, utilizando exemplos adecuados.
- Identificar os principais trazos diferenciais dos distintos sistemas económicos.
- Identificar as distintas escolas do pensamento económico: liberalismo, marxismo e keynesianismo.
- Describir as principais funcións que realizan as empresas, así como o proceso de creación de valor que levan a cabo.

- Distinguir, a partir de exemplos dos que se achegan os datos, entre procesos tecnicamente eficientes e economicamente eficientes.
- Explicar, mediante un exemplo, o concepto de división e especialización no traballo.
- Elaborar a función de produción con exemplos sinxelos dos que se achegan os datos e identificar a partir de que momento comezan a operar os rendementos decrecentes.
- Calcular e interpretar a produtividade dun factor de produción e coñecer as distintas formas que existen para aumentala.
- Calcular ingresos, custos e beneficios a partir dos datos achegados.
- Clasificar as empresas segundo diferentes criterios, sinalando exemplos de empresas do contorno.
- Coñecer o concepto de responsabilidade social das empresas e valorar exemplos reais de actuacións empresariais.
- Coñecer os factores que condicionan a oferta e a demanda dos bens, así como os efectos que as súas variacións provocan sobre as mesmas.
- Explicar e representar graficamente o proceso de formación de prezos de mercado.
- Explicar e representar os cambios que supoñen na oferta, na demanda e no equilibrio de mercado determinados cambios nos factores.
- Explicar e representar graficamente os efectos sobre a oferta e sobre o equilibrio de mercado provocan os cambios nos factores.
- Aplicar o concepto de elasticidade para interpretar os cambios na cantidade demandada ante alteracións non prezos e analizar como se ven afectados os ingresos dos produtores.
- Identificar os factores que inflúen na elasticidade-prezo da demanda.

Segunda avaliación:

- Clasificación dos tipos ou modelos de mercado.
- Coñecer as principais características do mercado de competencia perfecta: funcionamento, nº de oferentes, barreiras, tipo de produto, grao de competencia, influencia sobre os prezos, exemplos.
- Coñecer as principais características do mercado de competencia monopolística: funcionamento, nº de oferentes, barreiras, tipo de produto, grao de competencia, influencia sobre os prezos, exemplos.
- Coñecer as principais características do oligopolio: funcionamento, nº de oferentes, barreiras, tipo de produto, grao de competencia, influencia sobre os prezos, exemplos.
- Coñecer as principais características do monopolio: funcionamento, nº de oferentes, barreiras, tipo de produto, grao de competencia, influencia sobre os prezos, exemplos.

- Identificar casos de monopolio e recoñecer as súas consecuencias.
- Clasificar a poboación en función do seu acceso ao traballo: poboación activa e inactiva, ocupada e desempregada.
- Calcular e interpretar as taxas de actividade e desemprego.
- Explicar as causas do desemprego. Teorías.
- Identificar os tipos de desemprego e as causas que o provocan.
- Coñecer as políticas contra o desemprego e valorar as súas vantaxes e inconvenientes.
- Describir as tres maneiras de medir a actividade económica: produción, renda e gasto.
- Conocer os compoñentes do PIB desde a perspectiva do gasto.
- Identificar o contido do PIB. Calculo do PIB a prezos de mercado e a coste de factores.
- Coñecer as magnitudes derivadas do PIB: PNB, PNN e PIN.
- Diferenciar entre PIB real e PIB nominal.
- Diferenciar entre Renda Nacional, Renda dispoñible e Renda por habitante.
- Diferenciar entre renda e riqueza dun país e coñecer a importancia da distribución da renda.
- Coñecer as limitacións do PIB como indicador da calidade de vida e valorar a importancia de outros indicadores como IDH.
- Comprender o proceso de creación de diñeiro bancario e explicar, a partir dun exemplo sinxelo, dito proceso, o diñeiro que pode crearse, os seus efectos sobre a oferta monetaria, o concepto de coeficiente de caixa.
- Explicar o termo inflación e coñecer as súas clases: moderada, hiperinflación e deflación.
- Coñecer as causas da inflación: inflación de demanda e inflación de costes. Explicar a teoría monetarista e keynesiana.
- Comprender partindo dun exemplo a perda de capacidade adquisitiva do salario dun traballador.
- Calcular o IPC partindo dun exemplo sinxelo.
- Interpretar e calcular a taxa de variación interanual.
- Coñecer os conceptos: IPC harmonizado, inflación subxacente e inflación acumulada.
- Identificar o papel dos intermediarios financeiros. Distinguir entre intermediarios financeiros bancarios e non bancarios.
- Diferenciar os activos financeiros: accións e obrigas.
- Coñecer a función do Mercado de Valores, primario e secundario.
- Coñecer os índices bolsistas.
- Definir a Política Monetaria. Diferenciar entre política monetaria expansiva e restrictiva e coñecer os seus instrumentos. Identificar os efectos positivos e negativos delas na economía.

Terceira avaliación:

- Coñecer o papel do Estado na economía ao longo da historia. Coñecer os fallos do mercado, entender o ciclo económico, identificar as externalidades positivas e negativas e entender o papel que debe ter o Estado.
- Coñecer medidas de política económica coxunturais e estruturais.
- Definir o estado de benestar: beneficiarios, futuro e medidas a tomar para o seu sostemento.
- Coñecer os factores que determinan o consumo, o aforro e o investimento.
- Comprender os problemas da economía sumerxida.
- Diferenciar os niveis en que se divide o sector público e coñecer os seus componente.
- Definir orzamento público, diferenciar entre déficit público e débeda pública e entre déficit cíclico e déficit estrutural.
- Diferenciar entre gasto corrente, gastos de capital e gastos de transferencia.
- Recoñecer a finalidade dos impostos e das cotizacións sociais.
- Coñecer os diferentes tributos e ingresos do Estado.
- Definir imposto. Clasificar os impostos en directos e indirectos. Coñecer o principio de progresividade.
- Definir Política Fiscal. Diferenciar entre política fiscal expansiva e restrictiva. Coñecer os instrumentos de política fiscal expansiva e restrictiva e os seus efectos, positivos e negativos, sobre a economía.
- Identificar a postura keynesiana e a postura monetarista sobre o déficit público.
- Definir comercio internacional. Coñecer as teorías sobre o comercio internacional: librecomercio e proteccionismo.
- Coñecer as medidas proteccionistas.
- Coñecer a estrutura da balanza de pagamentos.
- Coñecer o funcionamento do mercado de divisas. Interpretar o tipo de cambio.
- Identificar os factores que afectan á apreciación e depreciación dunha moneda e coñecer os efectos sobre a economía.
- Coñecer os tipos de integración económica e os seus efectos.
- Coñecer as políticas económicas máis importantes levadas a cabo na UE.
- Definir globalización. Describir as súas causas e consecuencias.

- Definir subdesenvolvemento e coñecer as principais características destes países.
- Identificar as causas do subdesenvolvemento.
- Coñecer os efectos negativos do crecemento económico sobre o medioambiente.

Enlaces de interese:

www.ige.eu	INSTITUTO GALLEGO DE ESTADÍSTICA
www.ine.es	INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA
www.bde.es	BANCO DE ESPAÑA
www.consumo-inc.es	INSTITUTO NACIONAL DE CONSUMO
www.aeat.es	AGENCIA TRIBUTARIA
www.ecomur.es	PORTAL DE ECONOMÍA
www.uce.org	UNIÓN DE CONSUMIDORES DE ESPAÑA